

COMUNICADO Nº 192/23

17 DE AGOSTO DE 2023

**CHARLA COLOQUIO DE ROBERTO BLACH E MAURO BARREIRO COS
PARTICIPANTES CO CRITERIUM RECALVI**

A Federación Galega de Automobilismo, como parte da súa tarefa de axudar e contribuir a formación dos pilotos e copilotos participantes nos distintos formatos promocionais dos certames autonómicos celebrará, o sábado 19 de agosto as 13:30 horas (Sala de prensa , unha charla coloquio con Roberto Blach e Mauro Barreiro, equipo galego participante no Campionato do Mundo Júnior 2023.

A presenza de Blach e Barreiro nesta actividade, na que os asistentes poderán plantexarlles todas as súas dúbidas en canto a preparación das probas, notas ou melloras nas reglaxes dos vehículos, está orientada a mellorar a competitividade de todos os participantes no Criterium Recalvi (neste caso), un dos viveiros de competidores do futuro para a FGA.

Nas vindeiras probas do Campionato Galego haberá máis charlas deste tipo, co fin de crear un ambiente de convivencia e mellora conxunta.

Pregase a todos os equipos inscritos no Criterium Recalvi a súa asistencia e que leven a gorra e a camiseta do formato promocional.

A charla terá lugar na sala de prensa do Rallye de Ferrol, situada en Cruxeiras, na zona do porto.

Ubicación: Sala de Exposiciones. Muelle de Cruxeiras, Ferrol
(<https://goo.gl/maps/cBGHwfQAhdBXbs3X7>)

Día e hora: Sábado, 19 de agosto, 13:30 horas